

**A C T A 1/2021**

**SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL**

**- 27 DE XANEIRO DE 2021 -**

Na Casa do Concello, a vinte e sete de xaneiro de dous mil vinte e un, reúnen-se en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

**ASISTENTES:**

**Alcalde:**

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

**Concelleiros/as:**

D.<sup>a</sup> Iria Otero Romero

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar

D.<sup>a</sup> María López Álvarez

D. José Manuel Guerra Calvelo

D. Antonio Reyes Sánchez Crespo

D.<sup>a</sup> María Vázquez Rey

D.<sup>a</sup> María Dolores Nariño Facal

D.<sup>a</sup> María Teresa Castro Framil

D.<sup>a</sup> Margarita Rosende Domínguez

D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia

D. Roberto Moñino Gil

D.<sup>a</sup> María Josefa Argibay da Silva

D. José Manuel Elías Noya

D.<sup>a</sup> Carmen Diéguez González

D. Manuel Barreiro Rozados

**Non asiste, previa escusa:**

D.<sup>a</sup> Lucía Calvo de la Uz

**Secretaría acctal:**

D.<sup>a</sup> María Elena Sueiro Fernández

**ORDE DO DÍA:**

- 1.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 1184/2020 Á 56/2021)**
- 2.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL ( PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ 2021”**
- 3.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO POS + ADICIONAL 1/2021 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS**
- 4.- MOCIÓNS**
- 5.- ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

**1.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 1184/2020 Á 56/2021).**

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día 23 de decembro de 2021 ata o 31 de decembro de 2020, que comprenden os números 1184 ao 1218, e dende o día 1 ao 21 de xaneiro de 2021, que comprenden os números 1 ao 56, indicando o sr. alcalde que a estiveron a disposición de todos os membros da Corporación.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

## **2.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL ( PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ 2021”.**

O sr. alcalde cede a palabra á concelleira de urbanismo, seguridade cidadá, enerxía e sostibilidade, D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia.

A sra. Lemus da conta da proposta da Alcaldía, do 13 de xaneiro de 2021, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, vivenda, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 21 de xaneiro de 2021.

### **“ PROPOSTA DA ALCALDÍA**

#### **Asunto: Acordo de aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2021”**

Vistas as bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos), “POS+ 2021”, publicadas no BOP nº 205, de 1 de decembro de 2020.

Tomando en consideración as necesidades municipais así como as suxerencias veciñais e dos partidos con representación institucional no Concello de Teo, propónse ao Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:

Tomando en consideración estes antecedentes, propónse ao Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2021”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2021”, “achega provincial 2020” e “préstamo provincial 2021”:

#### **A) Financiamento de gastos correntes:**

Deputación

Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de gastos correntes	367.029,18
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>367.029,18</b>

**B ) Financiamento de investimentos:**

ACHEGA PROVINCIAL 2020 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DE VIARIO MUNICIPAL EN CHAVES (PITE)	38.014,96	0	38.014,96
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DE VIARIO MUNICIPAL EN FORNELOS	40.838,26	0	40.838,26
MODIFICADO PARA A REURBANIZACIÓN DO NÚCLEO DE CASTRO, SAN XOAN DE CALO	230.384,00	0	230.384,00
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN INSUA, LUOU	76.891,92	0	76.891,92
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN SAN DOMINGOS, CALO	100.086,35	36,78	100.123,13
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2020</b>	<b>486.215,49</b>	<b>36,78</b>	<b>486.252,27</b>

Aprobar os proxectos das obras que se relacionan nestas táboas.

**C) Resumo:**

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
<b>A- GASTOS CORRENTES</b>	<b>Achega 2021</b>	367.029,18		367.029,18
<b>B- INVESTIMENTOS</b>	<b>Achega 2020</b>	486.215,49	36,78	486.252,27
<b>T O T A L</b>	<b>Achega 2021</b>	367.029,18	0	367.029,18
	<b>Achega 2020</b>	486.215,49	36,78	486.252,27
	<b>TOTAL</b>	<b>853.244,67</b>	<b>36,78</b>	<b>853.281,45</b>

**Segundo.-** Aprobar o Plan Complementario do ano 2021 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
---	-----------

ACTUACIÓNS DE SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN EN CASALONGA	198.262,71
REURBANIZACION DA RÚA ROSALIA DE CASTRO, PARQUE MONTOUTO	380.133,60
<b>TOTAIS</b>	<b>578.396,31</b>

**Terceiro.-** Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

**Cuarto.-** Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2021 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2021 Base, se a houbera.

**Quinto.-** Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

**Sexto.-** Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

**Sétimo.-** Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

**Octavo.-** Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente, incluíndo a aprobación, no seu caso, das correspondentes modificacións dos proxectos de obra recollidos nesta proposta.”

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Barreiro, non fai uso da mesma.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, que pregunta cal é a pista de Fornelos, porque se é a que está fronte á marquesiña existe o problema de que o autobús cando se mete alí tropeza, polo que debería moverse a marquesiña.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 6 PP e 2 BNG), acorda:**

**Primeiro.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2021” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2021”, “achega provincial 2020” e “préstamo provincial 2021”:**

**A) Financiamento de gastos correntes:**

	Deputación
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de gastos correntes	367.029,18
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>367.029,18</b>

**B ) Financiamento de investimentos:**

ACHEGA PROVINCIAL 2020 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DE VIARIO MUNICIPAL EN CHAVES (PITE)	38.014,96	0	38.014,96
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DE VIARIO MUNICIPAL EN FORNELOS	40.838,26	0	40.838,26
MODIFICADO PARA A REURBANIZACIÓN DO NÚCLEO DE CASTRO, SAN XOAN DE CALO	230.384,00	0	230.384,00
AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN INSUA, LUOU	76.891,92	0	76.891,92

AFIRMADO E ACONDICIONAMENTO DO VIARIO MUNICIPAL EN SAN DOMINGOS, CALO	100.086,35	36,78	100.123,13
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2020</b>	<b>486.215,49</b>	<b>36,78</b>	<b>486.252,27</b>

**Aprobar os proxectos das obras que se relacionan nestas táboas.**

**C) Resumo:**

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2021	367.029,18		367.029,18
	Achega 2020	486.215,49	36,78	486.252,27
TOTAL	Achega 2021	367.029,18	0	367.029,18
	Achega 2020	486.215,49	36,78	486.252,27
	TOTAL	<b>853.244,67</b>	<b>36,78</b>	<b>853.281,45</b>

**Segundo.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2021 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:**

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento
ACTUACIÓNS DE SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN EN CASALONGA	198.262,71
REURBANIZACION DA RÚA ROSALIA DE CASTRO, PARQUE MONTOUTO	380.133,60
<b>TOTAIS</b>	<b>578.396,31</b>

**Terceiro.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.**

**Cuarto.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2021 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2021 Base, se a houbera.**

**Quinto.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.**

**Sexto.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.**

**Sétimo.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

**Octavo.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente, incluíndo a aprobación, no seu caso, das correspondentes modificacións dos proxectos de obra recollidos nesta proposta.**

### **3.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO POS + ADICIONAL 1/2021 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS.**

O sr. alcalde cede a palabra ao concelleiro dos servizos de benestar, persoal e deportes, D. Xosé Ignacio Iglesias Villar.

O sr. Iglesias da conta da proposta da Alcaldía, do 15 de xaneiro de 2021, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de urbanismo, vivenda, infraestruturas, sostibilidade e servizos básicos de 21 de xaneiro de 2021.

#### **“ PROPOSTA DA ALCALDÍA**

**Asunto: Acordo de aprobación do POS+ADICIONAL 1/2021 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios**

Vistas as bases reguladoras do POS+ADICIONAL 1/2021 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, publicadas no BOP nº 205, de 1 de decembro de 2020.



Tomando en consideración as necesidades municipais determinadas pola experiencia acumulada nos últimos meses, así como as suxestións e iniciativas do persoal técnico dos Servizos Sociais municipais

Proponse ao Pleno Municipal a adopción do seguinte acordo:

**Primeiro.-** Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ADICIONAL 1/2021**” da Deputación Provincial da Coruña **para o financiamento de gastos sociais extraordinarios**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención do concello, segundo se indica a continuación

Achega provincial 2021 asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	222.441,93€
--	-------------

<b>GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS</b>	PREVISIÓN DE GASTOS 2021	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO
a) Reforzo de persoal, técnico e/ou administrativo, adscrito aos servizos sociais, co obxecto de apoiar aos equipos actuais, e facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan.	21.859,90	0,00	21.859,90
b) Ampliar e dotar as partidas destinadas a garantir ingresos suficientes as persoas soas o familias, maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social, con baixos o nulos ingresos económicos, mediante axudas económicas para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, gastos médicos o farmacéuticos, transporte, que favorezan a integración.	55.000,00	0,00	185.000,00
d) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.	132.082,03	148.410,00	280.492,03
e) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación	13.500,00	0,00	13.500,00

<b>TOTAL</b>	<b>222.441,93</b>	<b>148.410,00</b>	<b>370.851,93</b>
--------------	-------------------	-------------------	-------------------

**Segundo.-** Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”.

Aberta a primeira quenda de intervencións, non se produce ningunha.

**Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 6 PP e 2 BNG), acorda:**

**Primeiro.-** Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ADICIONAL 1/2021” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención do concello, segundo se indica a continuación

Achega provincial 2021 asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	222.441,93€
--	-------------

<b>GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS</b>	<b>PREVISIÓN DE GASTOS 2021</b>	<b>ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS</b>	<b>ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO</b>
a) Reforzo de persoal, técnico e/ou administrativo, adscrito aos servizos sociais, co obxecto de apoiar aos equipos actuais, e facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan.	21.859,90	0,00	21.859,90
b) Ampliar e dotar as partidas destinadas a garantir ingresos suficientes as persoas soas o familias, maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social, con baixos o nulos ingresos económicos, mediante axudas económicas para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, gastos médicos o farmacéuticos, transporte, que favorezan a integración.	55.000,00	0,00	185.000,00

d) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.	132.082,03	148.410,00	280.492,03
e) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación	13.500,00	0,00	13.500,00
<b>TOTAL</b>	<b>222.441,93</b>	<b>148.410,00</b>	<b>370.851,93</b>

**Segundo.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.**

#### **4.- MOCIÓNS.**

Antes de entrar no punto quinto da orde do día relativo a rogos e preguntas, o sr. alcalde, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, pregunta se algún grupo municipal quere presentar algunha moción de urxencia, sen que se presente ningunha polos grupos municipais.

#### **5.- ROGOS E PREGUNTAS.**

##### **ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG.**

O concelleiro do BNG, sr. Barreiro formula os seguintes rogos e preguntas:

- Os veciños de Rial do Mato comunican que hai un vertedoiro ilegal (escombros) e pregunta se podería retirarse. A sra. Otero pregunta pola localización do mesmo.
- Na zona recreativa da Torre, enriba da autovía, onde está o parque infantil hai uns ferros que quedan á vista, parece que son restos duns bancos, e son perigosos xa que os nenos están preto xogando; solicita a súa retirada.
- Indica que saíu en prensa unha información que ten fonte no PP que insinúa que se vai remunicipalizar o servizo das piscinas cando remate o contrato e non sabe se isto é certo.

Toma a palabra o sr. alcalde para aclarar este tema, e expón que o tema da piscina é complicado. En principio non existía unha decisión clara, xa que antes da COVID tiña un bo rendemento económico, e prorrogar con esas condicións o canon que pagaba o concello non se vía ben. Estábase no debate de prorrogar, pero non nesas condicións,

e estaba estudándose xuridicamente cando chegou a COVID. Isto trastocou a situación, xa que había que tomar unha decisión antes do verán pasado e licitar para rematar antes de abril, e as asesorías legais e os propios adxudicatarios da piscina os que xa dixeron que nestas condicións, ca COVID, calquera concurso quedaría deserto, porque ningunha empresa faría unha proposta nestas circunstancias. A empresa solicitou unha prórroga polos danos da COVID, pero renunciou a ela e reclamou economicamente o restablecemento de equilibrio económico financeiro do contrato. A prórroga do contrato implicaría, que durante toda a prórroga e mentres persista o desequilibrio, a empresa podería reclamar polo desequilibrio económico do contrato. En reunións ca xerencia da piscina, a última antonte, plantexouse un peche temporal, pero eso sería unha barbaridade, porque a piscina aínda conta cuns 1.900 abonados, e tamén se plantexou asumir transitoriamente a xestión ata que pase a COVID para licitar posteriormente cunhas condicións razoables. Estase vendo si eso é viable ou non. Nunha nova reunión, os representantes da piscina consideran que hai argumentos xurídicos que permiten unha prórroga ponte entre a finalización do contrato e ata que se produza unha nova licitación. Dita proposta chegou hoxe, e aínda non puido ser valorada por Secretaría. Calquera posibilidade de continuar coa piscina será valorada, polo que se está a espera da valoración xurídica da proposta. En calquera caso convocarán unha xunta de portavoces para aclarar o tema.

- Os veciños de Cesar amosaron queixas e preocupación porque na limpeza das gabias seica se danou un cruceiro, e piden que as limpeza se fagan con coidado do patrimonio artístico.

- As beirarrúas que se están facendo en San Domingos non se pegan aos muros e hai espazos nos que pode crecer maleza. A sra. Lemus di que é a primeira noticia que ten. O sr. Moñino indica que pasará a velo. O sr. Guerra intervén e sinala que hai zonas que parece que non vai chegar a beirarrúa á parede. A sra. Lemus resposta que se informarán, xa que considera que todas as beirarrúas deberían ir pegadas aos muros.

- Na estrada de Castres que vai dende A Torre ata a rotonda da autovía dos Verxeis, o firme está en moi mal estado, e os veciños piden que se mellore.

- Os desaugadoiros do Constante Liste botan auga na rúa. O sr. Iglesias resposta que é que aínda non se rematou coas obras.

A concelleira do BNG, sra. Diéguez formula as seguintes preguntas:

- En Pontevea, ao lado da ponte, indo cara a Burga, hai un caño que bota directamente ao río. Pregunta de onde vén esa auga. O sr. alcalde pregunta se é entre a farmacia e a casa do lado, porque se é esa son pluviais, pero que van mirar.
- En Ribas, onde a obra, a choiva arrastrou terra e follas ás canalizacións de pluviais que agora están atascadas, e solicita que se limpen.

### **ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.**

Os/as concelleiros/as do PSdeG-PSOE non formulan ningún rogo nin pregunta.

### **ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.**

Os/as concelleiros/as do PP formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

O concelleiro do PP, sr. Guerra pregunta:

- Sinala que as beirarrúas de Folgueiras quedan demasiado anchas, e o viario demasiado estreito. A sra. Lemus indica que ten razón, pero que as beirarrúas que se fan son coas medidas que veñen establecidas, e que o problema é dos viarios.
- Na carretera que vai de Verxeles a Monte Pelado, que está moi mal, no nº 94, hai unha sra. que pide que poñan unha farola.
- Na estrada do Campo de fútbol de Cacheiras, cara a ferretería, o autobús ten que invadir o carril contrario por unha praza de aparcamento que hai na esquina, e solicita que se arranxe isto aínda que supoña eliminar algunha praza de aparcamento.

A concelleira do PP, sra. Nariño indica que na zona de Penelas anégase unha curva. O sr. Moñino indica que xa foi en tres ocasións á zona e non había auga, ou a que había non era importante, así que están vixiando a zona, e solicita que lle avise o día que a vexa anegada.

A concelleira do PP, sra. Vázquez sinala que na marquesiña de Balcaide os horarios de Monbus están pegados no cristal, e co que chove non van durar moito. O sr. alcalde di que eso é unha guerra con Monbus, que a Dirección Xeral de Mobilidade ten que esixir que se cumpra a contratación. A sra. Otero sinala que xusto nesa parada é onde

hai máis usuarios, pero que o lóxico é que pidan as claves e poñan os horarios na casetiña do Concello.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte horas e trinta minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde,

A secretaria acctal.,

Rafael C. Sisto Edreira

M<sup>a</sup> Elena Sueiro Fernández